

# América Latina: décadas perdidas

*Laudelino Pellitero*

**U**n lustro mergullada no pantano económico, leva camiño de bloquear a saída da crise económica, institucional e social que Latinoamérica vive nas últimas décadas. Hai dez anos os prognósticos auguraban un futuro esplendoroso para a rexión. Na súa toma de posesión como presidente, George W. Bush proclamara que este ía a ser o grande século das Américas e a súa vontade de priorizar ó continente nas relacións exteriores.

Agora os resultados do balance do decenio son ben distintos. No seu informe anual 2002 da CEPAL (Comisión Económica para América Latina e o Caribe) subliña que, durante ese ano, sete millóns de latinoamericanos e caribeños pasaron a formar parte do enorme exército de pobres que posúe unha rexión, na que a economía decreceu globalmente nun 0,5 por cento. Outro ano de escuridade no que empeoraron as condicións de vida para un grande número de latinoamericanos.

A fenda que os separa dos países industrializados abríuse coma un abismo infranqueable. Se en 1980 o Producto Interior Bruto (PIB) por habitante era o 55 por cento, a respecto dos países desenvolvidos, coa chegada do novo milenio só significa o 24 por cento. Un tercio da poboación, preto de 180.000 millóns de persoas, a penas sobrevive con menos de dous dólares diarios. O desemprego é moito maior que hai unha década.

Existen factores externos conxunturais e puntuais que poderían explicar datos pesimistas como os anteriormente citados, ou a negativa transferencia anual neta de recursos externos acadase nese ano os 39.000 millóns de dólares. Factores como: o menor vigor da economía norteamericana, a perda de volume dos intercambios comerciais, o decaemento e volatilidade dos fluxos financeiros internacionais, o deterioro dos investimentos estranxeiros, o repunte inflacionario que duplicou o 6 por cento do 2001, no que a economía tamén rexistrara un crecemento nulo, 0,3 por cento.

Mais tamén existen factores de fondo que poñen en cuestión o modelo. As actuais análises políticas ou socioeconómicas, xa non se cinguen a examinar factores intrafronteiras ou recentes, senón que se interrogan sobre a vixencia dos modelos aplicados no continente dende a caída do muro de Berlín. Tempos nos que Francis Fukuyama anunciaba o fin da historia e o triunfo do réxime democrático da economía de mercado.

As promesas do neoliberalismo non se puideron cumprir. Nin o crecemento económico foi sostido, nin a extensión de espazos democráticos para recuperar territorios de liberdade foi unha realidade.

## Do mel ó fel

---

Na picota está o Consenso de Washington, considerado como o paradigma do desenvolvemento que debería aplicar todo gobernante serio, segundo asegurara o economista John Willianson no seu célebre artigo de 1990, no que resumiría en 10 os instrumentos básicos de política económica: Disciplina orzamentaria, rigor no gasto público, reforma fiscal para incentivar a produtividade, taxa de cambio única e competitiva, liberalización do mercado cambiario, desregularización dos mercados, eliminación das barreiras de entrada e saída de produtos, apertura ós investimentos estranxeiros, asegurar os dereitos de propiedade, privatización das empresas públicas e liberalización financeira.

Baixo a supervisión do FMI, os países desta área xeográfica puxeron en marcha programas de apertura económica. Entre 1988 e 1997 fixeron caixa rápida con máis de 800 privatizacións de empresas públicas de diversos ramos. Especialmente nos sectores da enerxía, as telecomunicacións e a banca pública. Implantaron reformas laborais, modificaron a estrutura administrativa do Estado, e estableceron instrumentos de axuste con franciscana austeridade no gasto público. Todo baixo o gran prisma de políticas de estabilización monetaria.

Os efectos da aplicación do decálogo de Willianson, foron milagrosos: caída dun 900% da desorbitante inflación anual ata cifras de dous díxitos. Se en 1993 a media das variacións de prezos ó consumo foi do 872,4%, no ano 2001 só era do 6,1%. Aumento no volume das relacións comerciais internacionais, chegada de capitais financeiros... As grandes cifras macroeconómicas aplaudían as reformas, aínda que nunca se caracterizasen por rexistrar índices favorables no reparto xusto da riqueza creada. Durante o quinquenio 1993-1997, o PIB da rexión aumentou nun 18,4%. Pero trala calma veu a tempestade do quinquenio seguinte, durante o que, o crecemento global, a penas, superou o 6,3%. Un lustro de menor dinamismo económico, de crecemento do desemprego e de aumento dos niveis de pobreza Latinoamericana.

O proceso de reformas liberais emprendido a comezos dos anos 90, está hoxe desacreditado polos seus resultados e pola falta de arraigamento entre a poboación.

A poboación latinoamericana afectada posúe un menor grao de esperanza, desconfía das negativas repercusións que padece tras esta media década perdida e busca novas formas de organización social e política.

Se aínda pervive algún tipo de sintonía entre ópticas diverxentes, está consistente en que o denominado *Consenso de Washington* está en crise. Para reformulación, para corrección ou para substitución, segundo as diversas tendencias políticas, pero todos coinciden en que nada pode ser igual neste milenio. O fracaso da Arxentina tutelada polo FMI, cuestionou definitivamente o paradigma globalizador deseñado no Consenso de Washington para ser a estrela no firmamento que debería guiar ós países emerxentes. Hoxe o espello máxico da Nova Economía baseada na convertibilidade e na libre economía de mercado, rachou en mil anacos. Xa, case ninguén, quere verse nese espello, nin acredita nestas fórmulas máxicas para o éxito económico.

Para certificar a defunción, ninguén mellor que o presidente do Banco Mundial James Wolfensón, quen estando en Río de Janeiro o 20 de novembro de 2002 e diante dunha concorrida sala chea de empresarios, que albiscaban a forza imparabile do cambio político, da man de Lula, sentenciou “ *O consenso de Washington morreu, cómpre redefinir un novo consenso que xa non será de Washington, senón das Américas*”.

## **Reformismos, populismos, autoritarismos...**

### **O péndulo bandea en dirección múltiple**

Tralo fracaso da última década neoliberal, o péndulo xa camiña en dirección contraria, mais logo de abandonar o pensamento único diríxese cara a rumbos incertos ou diversos. Reformismos, populismos, autoritarismos e progresismos son destinos ós que se dirixe o péndulo nos diversos países baixo o común denominador dun maior nacionalismo. Mentres se esfrelan as vellas estruturas partidarias e todo pasa a estar en cuestión: partidos, institucións, liberdades, democracia... Os movementos sociopolíticos de base popular radicalízanse, os partidos nados do populismo dereitízanse e a esquerda clásica modérase para asumir o poder.

O retorno á democracia na década dos 80, inxectou doses de ilusión en sociedades que devecían por recuperar crecementos doutrora para recobrar sendas de benestar. Pero trala década perdida, chegou a frustración doutra década estragada. O número de parados duplicouse nos últimos dez anos, a pobreza xa atrapa ao 46% dos latinoamericanos, a inseguridade cidadá apoderouse das cidades, o reparto da riqueza é máis desigual que nunca, a corrupción tornouse transparente para escándalo de todos, o libre comercio mundial réxese por normas inxustas para a rexión, existe fuga crecente de capitais nacionais, as multinacionais están no fío da sospeita por subornos para comprar empresas a prezo de saldo, as industrias nacionais debilítanse, as clases medias enfraquecen, o sector público dilúese e a débeda externa agrándase.

A unha nova xeración que non viviu o terror das dictaduras, pero que padece a negra sombra da pobreza ou da fame, correspóndelle buscar e impulsar o reformismo que permita sacar do seu letargo a América Latina.

Desencanto perceptible nos datos do Latinobarómetro 2002, que dirixe Marta Lagos. Nel aprécianse dúbidas crecentes da poboación sobre a eficacia da democracia para dar solución ós problemas económicos da rexión, a pesares de ser considerada como o menos malo dos sistemas políticos.

En termos xerais rexístrase un menor apego á democracia en 2002 (56%) do que existía en 1996 (61%), aínda que este dato fluctúa en función de variables locais, como a chegada dun novo goberno que levanta expectativas na mellora das condicións políticas ou económicas. Este foi o caso de Hugo Chávez no 2000, cando o apoio á democracia en Venezuela se situaba nun 61%. Fenómeno sociolóxico semellante ó acontecido en Perú no 2001 coa chegada ó poder de Alejandro Toledo no que

os peruanos crían nun 62% no sistema. Tamén varía en función de condicionantes locais como a extrema violencia política que viven países como Colombia, no que o apoio á democracia caeu dende o 60% no 1996 ata o 39% no ano pasado.

No Latinobarómetro 2002 que pretende recoller os cambios rexistrados nas opinións públicas dende o ano 1995, en asuntos sociais, políticos ou económicos, se detecta que para o 52% dos 18.526 entrevistados o desenvolvemento económico é máis importante que a propia democracia, contra do escaso 14% que opina o contrario.

A enquisa que traduce o pensamento dos 480 millóns de persoas que habitan ó sur do Río Grande, desprende resultados aparentemente contradictorios. Mentres o 36% aproba a xestión dos seus gobernos, só o 14% confía nos partidos políticos e un 22% nos parlamentos.

Na esfera económica é onde se rexistran os cambios que resultan máis notables. Se a mediados dos 90 un 51% pensaba que o Estado debería abandonar a actividade productiva, agora só un 35% participa desa opinión. Se en 1998 o 46% da poboación consideraba beneficiosas as privatizacións, agora só o 28% acredita nelas.

A economía de mercado satisfai ó 24% dos latinoamericanos, máis o 57% só a considera como a máis conveniente. Despréndese por tanto que un 33% mostra a súa insatisfacción coa eficiencia actual da economía de mercado.

Á hora de designar responsables das crises económicas locais, case a metade dos entrevistados sinalan cara a causas internas, como a política económica dos seus gobernos, a falta de iniciativa dos seus empresarios, a falta de produción industrial propia etc. Mais asoman novos culpables en porcentaxes nada desprezables. Ó redor do 15% apunta cara ó FMI, ós bancos, á globalización. Precisamente é o FMI a institución internacional peor valorada, escasamente supera o aprobado co 5,11. No extremo contrario sitúase a ONU que se achega ó notable co 6,86 ou a Unión Europea co 6,32. Dato este que non debera pasar desapercibido para gobernantes europeos á hora de trazar planos estratéxicos de futuras relacións bilaterais.

Dos datos tirados no Latinobarómetro, podemos concluír que o lategazo da crise ten mudado a percepción pública sobre os modelos políticos e económicos vixentes. Cabe, pois interpretar os movementos producidos e identificar as causas.

Na estabilidade dos sistemas políticos cobra unha importancia primordial a existencia de crecemento económico que poida ser percibido como mellora social pola maioría da poboación. Latinoamérica non é monolítica, senón un continente plural con particularidades políticas, económicas e sociais. Pero tamén é certo que existen coincidencias entre os factores externos que a están a facer máis vulnerable e fráxil. Nunha economía mundializada, os factores esóxenos lastran as políticas *intra muros* e os resultados dos países denominados emerxentes.

Unha das institucións que recibe fortes críticas é o FMI. A crise argentina supuxo un punto de inflexión na súa credibilidade. En abril de 2001 teimaba na convertibilidade arxentina como condición *sine qua non* para acceder a cretos de institu-

ción financeira . Seis meses máis tarde insistía “*Arxentina vai polo bo camiño*”. Pero xa co crac á vista, en decembro de 2001, o presidente Horst Köhler manifestábase en sentido contrario: “*O tipo de cambio non era sostible*”.

A prepotencia coa que se actuou no país de Río da Prata, o dramatismo da hecatombe social e a vertixinosa degradación, alimentou o antiamericanismo. Declaracións como as de Paul O’Neill, secretario do Tesouro dos EEUU, plasmadas nas manifestacións á axencia Bloomberg , xusto antes das eleccións que levaron a Lula á presidencia, levantaron a indignación xeneralizada: “*Tirar co diñeiro dos contribuíntes norteamericanos na incerteza política do Brasil non semella unha idea brillante*”.

As críticas veñen de tódalas partes, mesmo saen da boca dos máis fieis seguidores do liberalismo como o ex-ministro de economía peruano, Pablo Kuczynski, quen asegurou, referíndose ó Crac arxentino: “O FMI non avisou a tempo e cando as cousas xa eran difíciles púxose demasiado duro”.

O presidente Eduardo Duhalde, saído das entrañas do peronismo, na xura do cargo como máximo mandatario, manifestara: “*A propia esencia deste modelo perverso catapultou cara a indixencia a milleiros de compatriotas, destruíu a clase media e crebou as nosas industrias*”.

## **Morreu o Consenso de Washington**

Para os máis acedamente críticos do Consenso de Washington, os EEUU é consciente do proceso de descomposición política das vellas estruturas, que detectan os barómetros sociolóxicos. Por tanto estaría a pór en marcha unha nova fase na que pasaría a actuar localmente, mais seguindo criterios coherentes: Apoio económico ás opcións máis amigables, diplomacia e presión para moderar as opcións esquerdistas que están chegando ó poder para que non poñan en cuestión as grandes liñas da estrutura socioeconómica e, combate directo contras das opcións que non sexa posible domesticar. Diversos métodos tácticos para manter a dependencia do poderoso veciño do norte. Establecer, apoiar ou consolidar as opcións políticas máis dóciles (Paraguai, Bolivia, Perú...); presión sobre gobernos de sensibilidade máis progresista (Ecuador, Brasil...), confrontación cos movementos sociopolíticos máis críticos e, mesmo, intervencións directas cando a situación é especialmente crítica, tal como aconteceu nos casos de Colombia a través do Plano Colombia ou en Venezuela de 2002 mediante unha estratexia civil de desestabilización político-económica que remataría no intento do Golpe de Estado do 11 de abril.

Liña múltiple de actuación buscaría revertir o deterioro da influencia política en América Latina, artellando unha nova estratexia que faga fronte á crecente onda de antinorteamericanismo que percorre o continente.

Ríxido esquema interpretativo, no que non atopan fácil encaixe situacións como a crise arxentina, o país cun maior nivel de vida do continente, no que os

governos cumpriron con férrea disciplina as directrices económico-monetarias do FMI. O enfado das clases medias que sentiron os seus aforros confiscados dirixiuse, coa mesma forza, cara ós seus políticos nacionais que cara ó modelo neoliberal, que os elevou na artificial burbulla do peso-dólar, para deixalos orfos no seu descenso ós infernos da peor crise da historia arxentina, cuantificada en 2002 cunha caída do PIB do 11% e nunha perda global do 20% da súa riqueza, nos últimos catro anos.

Esquematismo ideolóxico que tampouco é válido para o caso de Uruguai, onde un goberno fiel ós EEUU presidido por Jorge Batlle, foi abandonado para esnafarse no precipicio dunha caída do 10,5% do PIB en 2002, da man da crise Arxentina, deixando espida a credibilidade continental do seu piar económico: o sistema financeiro. Seis de cada dez dólares aforrados polos arxentinos tiñan como destino os bancos instalados en Uruguai.

O modelo neoliberal chega ó seu punto final e transita cara a un modelo máis mercantilista co obxectivo de manter as relacións de dependencia. EEUU posúe un nivel de importacións superior ó de hai 30 anos e precisa controlar as importacións para protexer as industrias locais. Por unha banda impón aranceis a produtos como o aceiro, o zume, o coiro, os viños e, pola outra, aplica subsidios en sectores como a agricultura. Pola contra esíxelle ó resto do continente maiores esforzos para avanzar no libre comercio.

A arquitectura mercantilista cara á que camiña este modelo liberal en transición, caracterízase pola asimetría nas relacións comerciais. As grandes potencias utilizan as institucións do Estado e as institucións internacionais para consolidar as empresas nacionais, rompendo a equidade de acceso ós mercados nos que se baseaba a teórica globalización económica. Subsidios e aranceis convíñanse, nunha sorte de neomercantilismo, para deixar ós países emerxentes do continente nunha posición desfavorable naqueles sectores ou produtos nos que posúen vantaxes comparativas para concorrer no comercio internacional.

As relacións comerciais pasan a formar parte da política exterior, sen rexerse polo criterio do mercado aberto. Así fíxollelo saber a Administración norteamericana a Chile, trala súa negativa a apoiar no Consello de Seguridade da ONU, a invasión anglonorteamericana de Bagdad. Reticencias estadounidenses a asinar o sempre prometido Tratado de Libre Comercio, polo que suspira Chile dende hai anos, e que agora sufriu unha intencionada freada: *“As relacións comerciais non se poden separar da Política Exterior Norteamérica, forman parte dun único todo, ós EEUU agardaba máis dunha nación que se considera amiga”*.

Chile, a xoia que todos ollan con admiración, tamén perdeu brillo nos últimos tempos, por mor do menor dinamismo da economía mundial, a caída dos prezos do cobre e a ralentización da chegada de capitais externos, que en nada favorecen a diminución dunha pesada débeda externa do 44,7% do seu PIB. Dende hai tempo persegue infructuosamente un tratado TLC con EEUU, semellante ó acadado coa UE. Pero a decisión de non apoiar no Consello de Seguridade a invasión de Iraq, ten irritado a

Administración Bush e vai repercutir en atrasos imprevistos no calendario do acordo. *“Ningún país pode illar completamente a súa política internacional do resto da súa política exterior. TLC e as decisións do Consello de Seguridade da ONU están intimamente ligadas nas relacións bilaterais”*, asegurou o número dous do Departamento de Comercio estadounidense, Peter Allgeier.

## Contestación social

A frustración permanente fíxose compañeira de viaxe dunha poboación carente de explicacións convincentes e alternativas cribles. Un dos cambios máis palpables que observamos neste incipiente século é a negativa percepción colectiva do proceso de privatizacións emprendidas nos anos 90. En 2000 na Cochabamba, Bolivia, viviuse unha auténtica revolta social pola pretendida privatización do fornecemento de auga a un consorcio estranxeiro.

Violentas protestas pola mesma causa prenderon en Uruguai, Paraguai, Ecuador e Perú.

Gustavo Noboa, antigo presidente ecuatoriano, non puido coa oposición a privatizar 17 distribuidoras eléctricas.

En Paraguai as protestas populares incitadas polo ex-xeneral golpista, Lino Oviedo, impediron a venda do grupo telefónico estatal por 400 millóns de dólares. Outro intento frustrado de privatizacións aconteceu en Perú, cando o goberno de Alejandro Toledo quixo vender dúas eléctricas estatais ó grupo belga Tractel. Pretensión que lle custou o posto ó seu ministro liberal Pedro Pablo Kuczynski. Perú refaise das revoltas populares iniciadas no sur do país contra dos planos de privatizacións das empresas eléctricas Egasa de Arequipa e Egesur de Tacna. A capitulación do presidente, implicou o levantamento do estado de excepción, pero deixou dúas mortes entre os sublevados e varios cadáveres políticos no seo goberno polas dimisións do titular da carteira de interior Ferando Rospoglosi, o viceministro de xustiza Pedro Cateriano e o presidente da Axencia de Promoción da Inversións do Perú (Promo-inversión), Ricardo Vega Llona.

A febre privatizadora tamén baixa de temperatura no Uruguai, onde a oposición coa arma legal dos referendos meteulle o medo no corpo ó goberno e frustrado o proceso de venda de empresas públicas, que rematou con outro ministro de economía como vítima, Alberto Bensión.

Protestas sociais que se estenderon no caso Boliviano contra do plano de axuste, coñecido como *impostazo* e decretado polo Goberno de Sánchez Losada. Violentos enfrontamentos saldados co lamentable balance de 23 mortos. O presidente que goza de maioría absoluta no parlamento veuse obrigado a retirar a proposta de aplicar un imposto do 12,5% ós salarios, co obxectivo de reducir o déficit fiscal do 8,2% rexistrado en 2002, ó 5% no 2003 e poder cumprir o compromiso asumido co FMI.

## Críticas ó FMI

Para os teóricos do liberalismo, as críticas son inxustas, e manteñen a tese de que non se trata dun fracaso das políticas liberais, senón de que estas foron mal aplicadas: “*Pasouse de monopolios públicos a monopolios privados, que adulteran o mercado libre*”. Argumentan, sen por en dúbida a fondura da crise, que os que realmente fracasaron foron os gobernos que tiñan que emprender as reformas de segunda xeración necesarias para consolidar o que se tiña gañado e atraer os investimentos que as economías precisan para medrar. “*Sen as reformas (...) os investidores atoparán outros lugares onde enviar o seu diñeiro, os capitais son covardes. Foxen da corrupción e das malas políticas, dos conflitos e do imprevisible. Van onde son ben recibidos, onde os investidores poden sentirse seguros dun rendemento dos recursos que arriscan (...). A única resposta ós problemas de insuficiente democracia e continuar coas reformas económicas incompletas, máis democracia e máis reformas económicas*”. Así se expresaba o secretario de Estado norteamericano no seu discurso diante do Consello das Américas en maio de 2002. Prescríbese, como terapia, máis liberalismo para corrixir as doenzas causadas polo propio liberalismo, agardando que os enfermos curen aumentando as doses das menciñas que antes os puxeron doentes.

Liñas de actuación, coñecidas como *reformas neoliberais de segunda xeración* que levaba no seu programa, para as eleccións arxentinas de abril de 2003, López Murphy. Sen camuflaxe ou edulcorante algún, propuña directamente retornar ó neoliberalismo dos 90, e profundar en políticas que naquela década non puideron levarse ó cabo como:

- Extensión do período de proba a 12 meses, desde os 6 actuais.
- Os traballadores aportan a un fondo de capitalización individual para costear a súa propia indemnización. Facer desaparecer a actual indemnización por despedido. O empregador tamén tería que aportar a ese fondo, e debería pagar un 40 por cento adicional ó que se acumularía na conta en caso de que o despedido fose sen causa.
- Xornada de traballo e descansos con horarios flexibles.
- Eliminación do Ministerio de Traballo. A área sería manexada por unha Secretaría do Ministerio de Economía.
- Concentrar os impostos sobre o consumo e non sobre os ingresos. Por exemplo, eliminaríase os gravames ós bens persoais e ós activos.
- Tamén se reducirán gradualmente as retencións, ata eliminalas (hoxe representan un 15 por cento dos ingresos fiscais).
- Diminución dos aportes patronais.
- Desaparición da estabilidade do emprego público. O concepto de carreira administrativa restrinxiríase ás forzas armadas, corpo diplomático, corpo xudicial e forzas de seguridade.
- Permitiríase o uso do dólar e outras divisas e elimínanse tódolos controis cambiarios.

- Facilitaríase o desenvolvemento da banca transaccional baixo lei estranxeira. É o que se denomina *banca offshore*, pola cal se poden realizar depósitos nun banco estranxeiro a través dunha xaneliña no interior do país.

- Apertura da banca pública ó capital privado.

- Arxentina debería profundar no proceso de apertura da economía que se rexistrou na década do 90, para o cal deberanse reducir as barreiras ó comercio que se atopan vixentes.

- Abrir máis a economía e compatibilizar iso co Mercosur. No caso de non lograrse un acordo dese tipo con Brasil, sería máis realista soste o proceso de integración sobre a base dunha zona de libre comercio, sen Mercosur.

- Arxentina non pode permanecer allea ó ALCA

Outros teóricos do liberalismo, como Mariano Grandona, mostran unha maior receptividade, asumindo o fracaso de toda política económica que se estre-la contra do desafío da erradicación da pobreza: *“Toda política económica baseada no igualitarismo ou no gasto público por riba das posibilidades do país está fora da realidade do mundo e o conduce cara ó desastre. Pero a proposta contraria fracasou en América Latina a respecto dos seus prognósticos, sen producir o agardado **Efecto Derrame** de crecemento perceptible polo conxunto da sociedade”*.

O grande desafío co que se atopa hoxe en día Latinoamérica é de tipo político. Corresponde agora humanizar unha economía sen máis lei que a do libre mercado asimétrico.

Transformar as reformas liberais que levaron á situación actual constitúe o grande reto dos novos dirixentes para propiciar a redución da pobreza e conseguir maior equidade social.

Implantar reformas fiscais progresivas que combinen unha maior eficacia na recadación cunha maior xustiza tributaria, para poder recortar o fondo mar das desigualdades e garantir a supervivencia dos programas sociais. No ano 2000 os ingresos fiscais, en América Latina, representaban o 21,1 por cento do Producto Interior Bruto, moi por baixo da Unión Europea co 43,7 por cento ou dos Estados Unidos co 29,6 por cento.

Xestionar con equidade, eficiencia e transparencia para conseguir unha maior confianza na clase política, nas institucións, nos estados e dar cumprimento a un desexo maioritariamente compartido pola sociedade.

Recuperar a confianza na xustiza e na administración, depurando con axilidade a galopante corrupción, facéndoas máis rápidas, eficientes e transparentes. Reasignar un maior gasto público en sectores como a educación, a sanidade, a asistencia social. Reformando a seguridade social para facela viable, incorporando a lexión de traballadores que hoxe actúan no sector informal. Dar unha maior seguridade xurídica e estabilidade á propiedade, ós aforradores, ás empresas... para que cambios precipitados en políticas económicas non modifiquen os seus proxectos.

## Reformar, ¿cara a onde?

---

Nesta nova fase os ollos vólvense cara as orientacións que se apuntan dende a CEPAL (Comisión Económica para América Latina) ou cara as desafiadas e dispersas conclusións do Foro Social Mundial que se celebra anualmente en Porto Alegre, en datas coincidentes co Foro de Davos.

Dende o organismo dependente da ONU deféndese a importancia do interese social e público nas políticas económicas, sen cuestionar a economía de mercado. En Porto Alegre, non hai demasiadas propostas concretas, mais teñen analizado concienzudamente os riscos e estragos sociais ocasionados por unha década baixo un dos liberalismos máis abertos do planeta.

Unha maior apertura dos mercados da UE e dos EEUU, eliminando normativas restrictivas, barreiras arancelarias inxustas ou proteccionismos agrícolas, daría un pulo á parálise actual e xeraría unha maior confianza nas relacións comerciais internacionais, percibidas como desiguais. Hoxe en día, a rexión segue a depender substancialmente da venda de materias primas e da chegada de capital financeiro internacional. Nas exportacións da rexión os produtos agropecuarios teñen un peso relevante: o 67% para Ecuador, 55% nas uruguaias, 52% en Arxentina, 39% en Bolivia, 37% en Colombia, 33% en Brasil.

Laio compartido dende a práctica totalidade das chancelerías de Exteriores latinoamericanas que se resumen nas palabras do ex-presidente brasileiro F.H. Cardoso na Cimeira de Madrid: *“O comercio non é un fin en si mesmo. Debe xerar empregos, eliminar desigualdades e transferir tecnoloxía”*.

Políticos emerxentes que avogan pola reforma ou pola ruptura como: Juan Manuel Guillén líder das protestas de Arequipa ou Evo Morales dos cocaleiros e líder indíxena da oposición boliviana.

Non é este o caso de Venezuela para Richard Lampper, redactor xefe do Financial Times para América Latina, quen manifesta que Hugo Chávez orquestrou a vontade de implantar reformas políticas de longo alcance e prometeu una revolución social, mais, na práctica, o seu goberno non se apartou demasiado da ortodoxia do mercado.

## O ALCA, un esqueleto con fracturas

---

Este instrumento de cohesión territorial, concibido como o esqueleto que sosteña a arquitectura das novas relacións continentais, padece hoxe esclerose múltiple. O proxecto estratéxico de Washington, artellador dunha estrutura que conseguise a inserción de América Latina no mundo globalizado, ten un futuro incerto.

Modelo político-continental, deseñado por Washington, para que se sustentase nos sólidos principios da democracia parlamentaria, a liberdade empresarial, a propiedade privada, a seguridade xurídica nos investimentos e a apertura financeira ten

as patas que o soportan na lama, precisa cimentos máis equilibrados sobre bases ecuánimes e non forxadas á medida dos intereses norteamericanos.

O maior inimigo do modelo ALCA deseñado por EEUU, son os propios EEUU e a súa política comercial incoherente, cando non, contradictoria e arbitraria.

A, denominada, *Fast Track*, ou Lei de Promoción Comercial (TPA), que robuscece o proteccionismo norteamericano, é un obstáculo insalvable, que fai reverdecer e agromar de posturas nacionalistas locais, tanto na clase política como no empresario autóctono, descritos das esperanzas postas no libre comercio hemisférico a partir do 2005.

Tampouco a *Farm Security and Rural Development Act of 2002*, decretada polo presidente George Bush o 13 de maio do pasado ano, axuda a confiar na simetría comercial e na igualdade de oportunidades de acceso a un mercado aberto. Elevar nun 67% as axudas ós agricultores locais, inxectando 170.000 millóns de dólares nos próximos 10 anos, ampliando a lista de produtos subsidiados, pode dar satisfacción ós agricultores estadounidenses, pero apaga o lume das expectativas postas polo países do sur, nos que as exportacións agrarias son un compoñente determinante.

Actuar unilateralmente, en contradicción cos acordos de Declaración de Toronto de outubro de 1999, a Cimeira de Quebec de abril de 2001 e os compromisos da OMC, reunida en Doha no mes de novembro do pasado ano, arrefría esperanzas e abre un mar de desconfianzas sobre a lealdade comercial do principal socio e impulsor do ALCA.

Pero as reticencias non só veñen dos futuros socios, senón que agroman no seo da TLC que os EEUU teñen con México e Canadá. Ambos teñen denunciado a parcialidade do seu veciño ó implantar políticas proteccionistas e perfilan abrir as súas relacións comerciais cara a outras áreas económicas.

Aínda así, ninguén dubida da necesidade de abrir mercados, ninguén descarta a súa existencia, pero baixo outras coordenadas máis acordes cos principios de equidade.

## **Líderes reformistas**

O dilema que se lle presenta ós líderes que representan os cambios máis reformistas no continente, liderados por Chávez, Lucio Gutiérrez ou Lula, é conseguir un crecemento económico que poida reducir a pobreza. Mudar de *Neoliberalismo* ó *Neodesenvolvemento*.

Para conseguir este obxectivo nun complexo entramado de relacións e compromisos internacionais deben modular o nivel das reformas e alongar os prazos prometidos nos programas electorais. Desde a súa base social que promoveu o cambio, non son ben recibidas as concesións feitas cara ós grupos e resortes de poder. Comezan a abrirse fondas gretas entre gobernantes reformistas e os sectores máis ideoloxizados que os encumiaron ata o goberno.

Evolución anual do PIB por habitante										
	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002
<b>América Latina e O Caribe</b>	1,6	3,4	-0,5	2,1	3,5	0,6	-1,0	2,2	-1,2	-1,9
<b>Subtotal (20 países)</b>	1,6	3,4	-0,6	2,1	3,5	0,6	-1,1	2,2	-1,2	-2,0
<b>Argentina</b>	4,5	4,4	-4,1	4,1	6,6	2,5	-4,6	-2,0	-5,6	-12,1
<b>Bolivia</b>	1,7	2,3	2,2	2,0	2,4	2,6	-2,0	0,1	-0,9	-0,2
<b>Brasil</b>	3,0	4,7	2,7	1,1	1,7	-1,2	-0,3	2,6	0,2	0,2
<b>Chile</b>	5,1	3,3	7,3	5,4	5,3	1,9	-2,0	3,1	1,6	0,6
<b>Colombia</b>	2,4	3,8	2,9	0,0	1,4	-1,1	-5,6	0,4	-0,4	-0,1
<b>Costa Rica</b>	3,8	1,5	1,0	-1,9	2,7	5,6	5,4	-0,1	-1,2	0,7
<b>Cuba</b>	-16,5	1,4	2,8	8,1	2,9	0,8	6,4	4,9	2,1	1,1
<b>Ecuador</b>	-0,1	2,1	0,8	0,2	1,8	-0,9	-9,7	0,4	4,1	1,6
<b>O Salvador</b>	4,2	3,7	4,0	-0,3	2,1	1,6	1,3	0,1	0,0	0,4
<b>Guatemala</b>	1,3	1,4	2,2	0,3	1,7	2,4	1,1	0,7	-0,3	-0,7
<b>Haití</b>	-9,6	-19,0	7,5	3,7	1,3	1,0	1,1	0,1	-2,5	-3,3
<b>Honduras</b>	4,0	-4,7	0,7	0,8	2,1	0,5	-4,1	2,1	0,1	-0,6
<b>México</b>	-0,1	2,6	-7,8	3,7	5,1	3,3	2,1	5,2	-1,9	-0,3
<b>Nicaragua</b>	-3,3	0,9	1,5	2,2	2,6	1,4	4,6	3,6	0,3	-2,1
<b>Panamá</b>	3,4	1,3	0,1	0,9	2,9	2,9	1,9	1,0	-1,1	-1,1
<b>Paraguay</b>	1,3	0,4	1,7	-1,6	-0,2	-3,2	-2,6	-3,1	-0,1	-5,4
<b>Perú</b>	2,9	10,8	6,7	0,7	4,9	-2,2	-0,8	1,4	-1,4	2,9
<b>República Dominicana</b>	1,2	2,9	2,5	5,3	6,3	5,6	6,0	5,5	1,0	2,3
<b>Uruguay</b>	2,8	6,2	-3,0	4,2	4,6	3,6	-4,1	-2,6	-4,1	-11,1
<b>Venezuela</b>	-2,7	-5,8	3,7	-2,5	5,2	-1,3	-7,7	1,8	1,0	-8,7
<b>Subtotal Caribe</b>	0,2	2,4	2,0	1,9	1,3	2,9	2,1	2,8	1,1	1,2
<b>Antigua e Barbuda</b>	4,6	5,8	-5,1	5,6	5,2	4,6	4,5	2,2	4,0	-0,3
<b>Barbados</b>	0,6	4,0	1,5	2,1	2,2	3,7	2,6	2,8	-2,6	-0,7
<b>Belice</b>	2,5	-0,2	1,8	-0,7	2,2	-0,2	3,6	8,1	2,6	1,7
<b>Dominica</b>	2,0	2,0	1,3	3,0	2,3	3,2	1,4	0,8	-5,2	-5,9
<b>Granada</b>	-1,4	3,0	2,8	2,7	4,0	7,2	7,2	6,2	-3,6	2,7
<b>Guiana</b>	11,0	8,9	3,3	6,9	6,2	-2,7	4,5	-2,7	1,9	1,7
<b>Xamaica</b>	1,3	0,7	1,3	-0,9	-2,6	-1,6	-0,2	0,1	0,9	1,1
<b>Saint Kitts e Nevis</b>	6,2	6,4	4,1	6,7	8,1	1,9	4,3	5,8	2,7	-1,8
<b>San Vicente e as Granadinas</b>	1,3	-3,0	7,1	0,5	2,8	5,1	2,9	1,2	-0,3	3,4
<b>Santa Lucía</b>	-2,5	3,5	0,9	-0,3	-1,5	1,9	1,7	-0,8	-6,1	-0,1
<b>Suriname</b>	-4,4	-0,4	-0,3	4,9	3,0	2,5	-3,9	-1,7		
<b>Trinidad e Tabago</b>	-2,0	3,3	3,4	3,8	3,4	7,3	3,9	5,6	2,8	2,2

Fonte: CEPAL. Balance preliminar das economías de América Latina e o Caribe, 2002.

As dificultades coas que se atopan son innumerables. No mes de abril o presidente ecuatoriano Lucio Gutiérrez atribuíu a círculos da corrupción financeira e política un complot, no que sicarios colombianos recibiran millón e medio de dólares para asasinalo.

Pero tamén os graves erros políticos do presidente populista están a minguar aceleradamente a súa credibilidade social. Nos catro meses posteriores a súa toma de posesión, baixou 14 puntos na popularidade. O nomeamento de seis parentes directos e indirectos para importantes cargos estatais –caso do seu cuñado Napoleón Villa como presidente do Fondo de Solidariedade, cargo ó que renunciou en marzo tralo escándalo–, a designación de 30 ex-militares para cargos estratéxicos da Administra-

ción e, sobre todo, o duro paquete económico implantado en xaneiro que incluía un substancial aumento do prezo da gasolina e da enerxía eléctrica, danaron o seu perfil de alternativa. Se a situación continúa deteriorándose, e con minoría parlamentaria, seralle complicado promover a reforma política, mediante a redacción dunha nova constitución, nun dos países máis corruptos do mundo. “*Se os deputados non están á altura das circunstancias históricas, das necesidades do pobo para que haxa cambios reais no Ecuador, utilizarei a alternativa da consulta popular*”, advertiu.

En Venezuela a prolongada folga xeral, de dous meses, iniciada o 2 de novembro, autodenominada polos convocantes como Paro Cívico, supuxo un custe de 7.367 millóns de dólares para o país, equivalentes ó 7,6% do PIB. A economía viviu no primeiro trimestre do 2003 o seu peor trimestre en 53 anos. Segundo estimacións do Banco de Venezuela o impacto da caída da economía sería neste período do 42%. A particular figura política de Hugo Chávez carente das dotes que se lle require a un presidente de todos, as estratexias suicidas da Coordinadora Democrática e o clima de aceda confrontación social, fan difícil o camiño de curación das feridas, da reconciliación previa á normalización política, económica, institucional e social do país. O despedimento de 17.871 traballadores, o 47% do cadro de persoal de Petróleos de Venezuela S.A. (PDVSA), deixa pendente de solución o conflito laboral-político na principal industria fornecedora de recursos do país.

Variacións do IPC										
	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002
<b>América Latina e O Caribe</b>	872,4328,7	26,0	18,6	10,7	10,0	9,7	9,0	6,1	11,4	
<b>Arxentina</b>	7,4	3,9	1,6	0,1	0,3	0,7	-1,8	-0,7	-1,5	40,6
<b>Barbados</b>	-1,0	2,1	2,8	1,8	3,6	1,7	2,9	3,8	-1,2	-1,4
<b>Bolivia</b>	9,3	8,5	12,6	7,9	6,7	4,4	3,1	3,4	0,9	2,3
<b>Brasil</b>	2.477,2916,5	22,4	9,6	5,2	1,7	8,9	6,0	7,7	10,9	
<b>Chile</b>	12,2	8,9	8,2	6,6	6,0	4,7	2,3	4,5	2,6	3,0
<b>Colombia</b>	22,6	22,6	19,5	21,6	17,7	16,7	9,2	8,8	7,6	7,1
<b>Costa Rica</b>	9,0	19,9	22,6	13,9	11,2	12,4	10,1	10,2	11,0	10,0
<b>Cuba</b>	0,0	0,0	-11,5	-4,9	1,9	2,9	-2,9	-3,0	-0,5	5,0
<b>Ecuador</b>	31,0	25,3	22,8	25,5	30,7	43,4	60,7	91,0	22,4	9,7
<b>O Salvador</b>	12,1	8,9	11,4	7,4	1,9	4,2	-1,0	4,3	1,4	1,4
<b>Guatemala</b>	11,6	11,6	8,6	10,9	7,1	7,5	4,9	5,1	8,9	6,3
<b>Haití</b>	44,4	32,2	24,8	14,5	15,7	7,4	9,7	19,0	8,1	10,1
<b>Honduras</b>	13,0	28,9	26,8	25,3	12,8	15,7	10,9	10,1	8,8	7,7
<b>México</b>	8,0	7,1	52,0	27,7	15,7	18,6	12,3	9,0	4,4	5,4
<b>Nicaragua</b>	19,5	12,4	11,1	12,1	7,2	18,5	7,2	9,9	4,7	4,2
<b>Panamá</b>	0,9	1,4	0,8	2,3	-0,5	1,4	1,5	0,7	0,0	1,6
<b>Paraguay</b>	20,4	18,3	10,5	8,2	6,2	14,6	5,4	8,6	8,4	14,6
<b>Perú</b>	39,5	15,4	10,2	11,8	6,5	6,0	3,7	3,7	-0,1	1,5
<b>República Dominicana</b>	2,8	14,3	9,2	4,0	8,4	7,8	5,1	9,0	4,4	8,8
<b>Trinidad e Tabago</b>	13,4	5,5	3,8	4,3	3,5	5,6	3,4	5,6	3,2	4,7
<b>Uruguai</b>	52,9	44,1	35,4	24,3	15,2	8,6	4,2	5,1	3,6	24,7
<b>Venezuela</b>	45,9	70,8	56,6	103,2	37,6	29,9	20,0	13,4	12,3	30,7
<b>Xamaica</b>	30,1	26,8	25,6	15,8	9,2	7,9	6,8	6,1	8,7	5,8

Fonte: CEPAL, Balance preliminar das economías de América Latina e o Caribe, 2002,

En Brasil o goberno do Partido dos Traballadores, encabezado por Luíz Inacio Lula da Silva observa como se multiplican os actos de rebeldía dunha trintena de deputados da súa á máis radical, que lle esixen que abandone o continuísmo e cumpra o programa electoral elaborado en Recife, en decembro de 2001 que, segundo afirman, prevía a ruptura co modelo neoliberal. A reforma das pensións e os pactos co Partido do Movemento Democrático Brasileiro (PMDB), que se encadra no centro dereita, para asegurar unha maioría parlamentaria da que carece Lula, levantaron máis dunha roncha e puxeron a proba ó competente equipo de goberno e as habilidades negociadoras da presidencia.

Ningún reformista do século XXI olla cara a Cuba como modelo. Ampliar a base social que apoie os programas de reformas de corte social, sen rachar coas institucións políticas e financeiras internacionais é o seu obxectivo. Aínda que certamente Cuba segue a conservar a mítica imaxe da longa e heroica resistencia ó bloqueo comercial norteamericano, pero os líderes evitan mesmo a presenza física do presidente cubano, agás nos cumios internacionais. Fidel Castro converteuse un referente incómodo ó que eluden.

### **Individualismo e rexionalización**

---

Coa chegada da marea en forma de crise, que asolaga o continente, percíbese un paseniño abandono do individualismo nacional para incidir en políticas rexionalizadas. Unha das primeiras vítimas da crise dos 90 foi o Mercosur, que retornou a niveis de intercambio comercial semellantes ó momento da súa creación. Agora as debilidades nacionais e o impulso político promovido por Lula, que considera de importancia estratéxica a cohesión latinoamericana previa a entrada en vigor do ALCA, veñen de darlle un pulo político, económico e lexislativo que renova as ilusións quebradas. Negociar como un só bloque Mercosur, no ALCA e coa UE é un desexo compartido pola chancelerías da área.

Entre os eixes básicos da política exterior brasileira, Lula enunciou, no primeiro discurso presidencial, o desexo de traballar para que o Mercosur se convertese en algo máis que unha unión aduaneira, transformalo nun área de converxencia de políticas activas nos ámbitos industriais, agrícolas, sociais e científico-tecnolóxicos.

O acordo que entrará en vigor neste ano e que permitirá a libre circulación de persoas dentro dos seis países membros do bloque Mercosur e asociados, relanza esta creación rexional de vocación política.

Neste sentido van iniciativas como a alianza estratéxica que se asinará en xuño, entre Perú e Brasil, co fin de alcanzar nos próximos catro anos una integración física e comercial sen precedentes, que terá como punto de partida a Integración da Infraestrutura Rexional Sudamericana (IIRSA) que servirá para dinamizar o comercio e estimular o desenvolvemento das rexións transfronteirizas. Comeza a cumprirse a promesa electoral de Lula de integración sudamericana a través do achegamento do

Brasil ós seus veciños históricos. Iniciativas no mesmo sentido como a do TLC que negocian Chile e Bolivia.

### **Unión Europea *versus* América Latina**

---

Os primeiros alicerces institucionais da relación entre a Unión Europea e Latinoamérica, asentáronse no ano 1990 baixo a iniciativa do ministro de Asuntos Exteriores italiano, Gianni de Michelis, que propuxo a creación do Foro de Río como marco de diálogo permanente.

Os acordos de Libre Comercio asinados con México ou Chile, e o aínda pendente co Mercosur son signo de vontade comunitaria de estreitar relacións con América Latina. Relacións non exentas de tirantezas propiciadas pola denuncia transoceánica do proteccionismo europeo, especialmente no sector agropecuario. A Unión Europea é hoxe o primeiro socio comercial de Mercosur (Arxentina, Brasil, Paraguai e Uruguai), a Comunidade Andina de Nacións (Bolivia, Colombia, Ecuador, Perú e Venezuela) ou con Chile. Así mesmo, é o segundo socio continental.

A existencia de programas paralelos de coñecemento mutuo son insuficientes pero permiten desbloquear a incomunicación histórica e imprimen selo distintivo ás relacións bilaterais. Programas como o ALFA, destinado a pór en contacto ás comunidades académicas de América Latina e da Unión Europea, como o programa AL-Invest que propicia relacións empresariais ou como o programa URBAL para a posta en común de experiencias de xestión municipal, teñen servido de canle para canalizar novos encontros e romper xeos. Na pasada Cimeira da Unión Europea, América Latina e o Caribe, celebrada en maio do ano pasado, púxose en marcha o programa ALIS que permitirá cursar estudos superiores en Europa e, ó mesmo tempo tamén contempla o desenvolvemento da sociedade da información.

Distanciamento social de América Latina cos EEUU e boa imaxe europea, reflicten os estudos sociolóxicos. A sintonía en temas de carácter social, a percepción compartida da oposición contra do unilateralismo norteamericano..., debe ser aproveitada para afondar nas relacións intercontinentais e crear unha nova visión das relacións internacionais que, máis alá dos fluxos comerciais, sexa quen de construír unha entidade que comparta criterios democráticos, a defensa das liberdades individuais e colectivas e promova un desenvolvemento sostible, permita un reparto da riqueza máis xusto.

Galicia, pola súa condición de país cunha forte presenza de emigrantes no continente, e cunha especial sensibilidade e solidariedade cara ó cosmos latinoamericano está nunha situación privilexiada para establecer lazos que redunden en beneficio mutuo.

---

*Laudelino Pellitero é analista do Igadi.*